

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 28 de abril de 2016

ACTA Nº 4/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de abril do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández
D. José Antonio Uhía Martínez
D^a María Inés Monteagudo Romero
D. José Vázquez Rama
D^a Alianza Uhía Patiño
D. José Ángel Hermida Simil
D^a Caridad González Cerviño
D^a Sandra Maneiro Pais
D. Enrique Riomayor Caamaño
D^a María del Rosario Fernández Piñeiro
D. Manuel María García Fernández
D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García

ORDE DO DÍA

A.-.- Parte Dispositiva.

- 1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (31/03/2016).**
- 2- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O IBI.**
- 3.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O COFINANCIAMENTO DOS CUSTOS DO GES.**

4.- MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE SOBRE A UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.

5.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- .- Parte dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (31.03.2016).

A Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir sobre a acta do Pleno ordinario celebrado o 31 de marzo de 2016. Todos contestan que non e dá paso á votación.

Votación: Unanimidade.

Acordo: Queda aprobada, por unanimidade, a acta do Pleno da Corporación correspondente ao 31 de marzo de 2016.

2- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O IBI.

A voceira do grupo popular, a Sra. Monteagudo, dá lectura á moción:

“A voceira do grupo municipal popular do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno celebrado o pasado día 27 de novembro de 2015 aprobouse unha moción do grupo popular municipal para modificar o art. 8 da Ordenanza nº 11, reguladora do IBI, fixando o tipo impositivo nun 0,4% para os bens de natureza urbana, en un 0,3% para os de natureza rústica.

Que en dita moción se solicitaba ademais que, segundo o disposto no artigo 74 da LRFL, no que se indica que se poderá regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa e de ata o 50% de cota íntegra do imposto para os bens inmobles nos que se teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, procederase a iniciar os trámites para determinar a clase e características dos bens inmobles aos que afecten estas bonificacións, duración, contía e outros aspectos substantivos e formais de bonificación, así como a compatibilidade con outros beneficios fiscais, a efectos de aplicala no noso concello.

Que dende a adopción deste acordo, ao que de momento non se dou cumprimento por parte do goberno local, púxose en marcha un proceso de regularización catastral.

Que no marco de dito proceso consideramos conveniente, a efectos de garantir a competitividade e o crecemento do noso sector primario, que se aprobe unha bonificación do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras, forestais, marisqueiras e pesqueiras en solo rústico.

O Goberno galego, co seu presidente e a Consellería do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

Neste sentido, na sesión de 16 de marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que se está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Por tanto, dada esta situación do sector primario, tan importante na economía de Galicia, da nosa comarca e do noso concello, propoño ao Concello de Muros a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, pesqueiros e marisqueiros.

Segundo.- Trasladar ao Ministerio de Facenda a necesidade de que as explotacións agrarias, gandeiras, pesqueiras e marisqueiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Cuarto.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras, forestais, pesqueiras e marisqueiras situadas en solo rústico.

Sexto.- Que se dea cumprimento ao acordo de baixada do IBI ao 0,4% para bens de natureza urbana e do 0,3% para bens de natureza rústica.”

A voceira do Partido Popular afirma que no BOE de 23/06/2015 se fixa iniciar unha regulación catastral.

Primeira intervención do grupo popular:

- Presentamos unha moción que xa foi aprobada polo Parlamento de Galicia, e que por certo, foi presentada polo grupo socialista da cámara, para que se teñan en conta as especificidades dos concellos de Galicia no proceso de regularización catastral posto en marcha polo Ministerio de Facenda, xa que de non aplicarse algún tipo de coeficiente de deprezación ou exencións os propietarios de explotacións adicadas ao sector primario con edificacións de gran tamaño, e mesmo galiñeiros, poden resultar perxudicados, por unha sobrevaloración do seu patrimonio inmobiliario. Pídeses tamén que para o caso de que xa se teñan aplicado taxas correspondentes a este proceso, e que afecten a construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións adicadas ao sector primario, se devolvan, e se aplica unha exención para as pendentes de devengar.
- Xa que tratamos dunha cuestión relacionada co IBI pedimos unha vez máis que se dea cumprimento ao acordo plenario de modificación do art. 8 da Ordenanza nº 11, fixando o tipo impositivo nun 0,4% para os bens de natureza urbana, e

nun 0,3% nos de natureza rústica, e se inicien os trámites para aplicar as bonificacións propostas. Neste sentido, e dada a dificultade alegada polo equipo de goberno -a complexidade dos cálculos que hai que facer para dar cumprimento a este acordo- propónse tamén que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para contar co asesoramento técnico necesario.

O grupo socialista non intervén.

Primeira intervención do grupo do BNG:

- Está de acordo coa proposta, pero é curioso que a presente o PP.
- Existe grande incoherencia e diferenza entre o que defende o PP de Muros co estatal.
- Está de acordo con todos os puntos.

Segunda intervención do Partido Popular:

- Unha vez posto en marcha o proceso de regularización catastral, detectouse este problema, ao que se trata de dar solución con este mecanismo. En calquera caso insistimos na necesidade de dar cumprimento ao acordo de baixada do IBI no concello de Muros.
-

Na segunda rolda de intervencións, non interveñen os grupos PSdeG-PSOE nin o BNG.

Intervención CXG:

- Está de acordo coa baixada e con toda a moción.
- Debido ao atraso na incorporación da interventora demorouse todo o proceso.

Votación:

A favor: 9 (4 PP – 3 CxG – 2 BNG)

Abstencións: 4 do PSdeG- PSOE

Acordo: Queda aprobada a moción presentada polo Partido Popular sobre o IBI.

3.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O COFINANCIAMENTO DOS CUSTOS DO GES.

O grupo popular le a moción:

“A voceira do grupo popular municipal do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo popular, preséntalle ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 18 de abril o grupo Popular na Deputación Provincial da Coruña presentou unha moción para que as deputacións se fagan cargo do 20% de cofinanciación que corresponde aportar aos concellos para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal, dado que a esta lle

compete a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos no territorio da súa competencia e en particular, participar na coordinación da administración local coa da comunidade autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estas garantir a prestación do servizo e a xestión das emerxencias, incluíndo os servizos de incendios e salvamento nos municipios por non estar obrigados ou por ter obtida a dispensa deles.

O 13 de maio de 2013, asinouse un convenio coa Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e a FEGAMP que acordou a creación dos GES (7 na provincia da Coruña) que complementaron a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros comarcais, de forma que cubriron zonas desprovistas de servizos de emerxencias co ámbito de atención superior ao municipal.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais situáronse estratexicamente en sete localidades da provincia (Ortigueira, Ponteceso, Muros, Mugardos, Padrón, Curtis e Brión) e ao ter carácter supramunicipal permitirán ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencias, á práctica totalidade da poboación da provincia.

Cada GES está composto por doce efectivos cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente ata o 31/12/2018, segundo a addenda asinada o 29 de decembro de 2015, dando cobertura a toda a zona de actuación do grupo e mantendo a sede nos concellos anteriormente citados.

A coordinación técnica, en función das características da emerxencia ou actividade preventiva será cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa central de atención ás emerxencias, 112_Galicia.

A contribución ao funcionamento destes Grupos de Emerxencias Supramunicipais é da Xunta de Galicia o 60%, da Deputación Provincial da Coruña o 20% e dos Concellos onde está fixada a base loxísticas o 20%, como é o caso de Muros.

Dende o 1 de agosto de 2013 o Concello de Muros financia o funcionamento dos GES e o ámbito de actuación é supramunicipal tal e como se pode demostrar nas actuacións levadas a cabo dende a posta en marcha deste servizo.

Polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Deputación da Coruña a cofinanciar o 20% do custo destes grupos que ten que aportar o Concello de Muros, no que está situada a base loxística.”

“ANEXO

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O COFINANCIAMENTO DOS CUSTOS DO GES.

Na Comisión informativa de Persoal e Facenda celebrada o 25 de abril de 2016, todos os grupos apoian a modificación do acordo formulado na moción que queda redactado do seguinte xeito.

Acordo:

Instar á Deputación Provincial da Coruña e á Xunta de Galicia ao financiamento do 100% do custo dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES) de Muros.”

Primeira intervención do Partido Popular:

- O pasado 18 de abril o grupo popular na Deputación presentou unha moción para que a Deputación se faga cargo do 20% de cofinanciamento que corresponde aportar ao concello para o GES.
- O financiamento dos gastos do GES corresponden nun 60% á Xunta de Galicia, un 20% á Deputación e un 20% ao concello.
- O GES ten a súa base loxística no noso concello, o que supón ventaxas, pero tamén conleva un gasto moi importante para o concello. Consideramos pois de interese apoiar esta proposta, e pedir á Deputación que asume esa parte do cofinanciamento do concello. So a partida de retribucións do personal do GES supuxo no exercicio 2014 a cantidade de 280.292,92 euros, aos que hai que sumarlle gastos correntes e subministros varios.
- Dado que o equipo de goberno non propón ningunha medida de aforro, o grupo popular, na procura de fórmulas que permitan aforros ao concello, propón a adopción deste acordo, que á vista dos datos do 2014, podería supoñer un aforro para o concello de case 60.000 euros.
- Na Comisión informativa propúxose una emenda á nosa proposta, no sentido de que se inste á Deputación e á Xunta a financiar ao 100% o custo do GES. Parécenos que o acordo anterior é máis concreto e fácilmente executable, xa que a emenda proposta supón renegociación dos termos do convenio, pero tratando de acadar a unanimidade de tódolos grupos aceptamos a emenda proposta se vai facilitar a unanimidade. Así, Sra Alfonso, é como se negocian os acordos.

Primeira intervención do PSdeG-PSOE

- A suxestión presentámola nós.
- Si está de acordo coa proposta e de todas aquelas subvencións que sexan unha axuda económica para o Concello.
- O GES aséntase no Concello de Muros dado o importante esforzo para a súa permanencia.
- Destacar o importante labor que fai o GES, que vai máis alá dos labores de emerxencia (p.ex. roce de montes).
- Parécelle curioso que sexa modificado, e máis dende que o PP aprobou a Lei 27/2013 de racionabilidade e sostibilidade local, onde o PP se cargou as competencias municipais.
- Ninguén sabe como están os orzamentos do Concello, polo que é un pouco precipitado incitar as rebaixas (p.ex. IBI), sen saber cómo están as contas do Concello.

Primeira intervención do BNG:

- Está a favor de tanta medida axude a aforrar e mellorar a situación económica.
- Non ten sentido que se lle pida ás deputacións máis servizos, de acordo coa postura da militancia do BNG de baleirar as competencias das Deputacións.
- O GES debía ser competencia da Xunta, polo que a emenda debería ser que a Xunta asuma o 100% do custo total.

- Así como salienta de se o fai a Deputación eliminaríase noutros investimentos (p.e x. POS)
- As outras AA.PP deberían deixar o paternalismo sobre os concellos.

2ª Intervención do PP

- O BNG non é ningún modelo de coherencia, unha cousa é o que predica e outra é o que fai, e un bo exemplo é a Deputación. O Ges é un servizo supramunicipal, é decir, compartido con outros concellos, pero o cofinanciamento é só do concello de Muros, e ten un custo elevado, máis se temos en conta decisións unilaterais tomadas polo anterior executivo local, que incrementaron máis o custo. Nos o que pretendemos con esta moción é tratar de disminuir o custo que ten para o concello.

2ª Intervención do PSOE:

- O PP só quere quitar a gravosidade para o Concello.
- Muros debe estar contento de que o GES teña a base en Muros e subliña que vale a pena mantelo.
- É curioso dicir que cobren máis, dado o risco e a dificultade do seu gran labor.
- Respecto aos pagos non só pagan as aseguradoras, senón tamén os usuarios e usuarias, para o cal se fixo unha ordenanza.
- De non estar o GES ben non se farían servizos ou habería que incrementar o persoal do Concello.
- Remata dicindo VALE A PENA MANTER O GES.

2º Intervención do BNG:

- É infantil e totalitario preguntarse sobre a presenza do BNG nas deputacións.
- O BNG defende que as deputacións son obsoletas, escuras na forma de selección tanto dos cargos políticos como do persoal.
- Hai que cambiar as deputacións.
- Hai que reducir o custo do GES e instar a que sexan as outras AA.PP (especialmente a Xunta) quen teñan que asumir o custo.

Intervención da Sra. alcaldesa (CXG):

- Ninguén cuestiona a utilidade do GES.
- Con respecto á capacidade de negociación, CXG apoia canta iniciativa favoreza á xente de Muros.
- Pensa o mesmo que o BNG sobre as deputacións.
- Hai que arranxar certos flecos na ordenanza.

Votación:

A favor: 11 votos (4 do PP – 4 do PSdeG-PSOE – 3 CxG)

Abstencións: 2 do BNG.

Acordo:

Queda aprobada a moción do Grupo Popular sobre o cofinanciamento do GES, coa modificación acordada na Comisión informativa:

“Instar á Deputación Provincial da Coruña e á Xunta de Galicia ao financiamento do 100% do custo dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES) de Muros.”

4.- MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE SOBRE A UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.

A concelleira Sra. Maneiro, do PSdeG-PSOE, le a moción:

“MOCIÓN que presenta o grupo municipal socialista de Muros sobre a Universalización do Dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do sistema público de sanidade.

De acordo co previsto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, o grupo municipal socialista presenta, diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real decreto-lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se plasmara no 2003, no artigo 3 da Lei de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde. Retrocedendo no longo camiño percorrido até entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuíta coa Seguridade Social. Consagra de volta a figura do «asegurado» como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real decreto-lei 16/2012, derogou tacitamente os preceptos da Lei xeral de saúde pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros e estranxeiras sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Desde o primeiro día, todos os profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais rexeitaron esta reforma que altera a vocación de universalidade do noso sistema nacional de saúde. Así mesmo, varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos/ás inmigrantes en situación irregular do acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional, e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu recortando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria dos españois. Mediante modificacións lexislativas incluídas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito a asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días,

incluso para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do Real decreto-lei citado.

Despois dos anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro algún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos nos que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades, e outras que mesmo perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico. Un balance cruel baseado na imposición, tan inútil como inxusta, que urxe rectificar.

Evidentemente, a recuperación da universalidade do dereito á asistencia sanitaria, sendo o máis importante dos aspectos da política sanitaria que hai que rectificar non é nin moito menos o único. Como noutros ámbitos, o retroceso vivido requirirá da oportuna modificación, primeiro normativa, e posteriormente de xestión, relacionada co reforzo da xestión pública do sistema, a maior coordinación coas comunidades autónomas, a converxencia cara a unha carteira común de servizos para toda a cidadanía, así como outras medidas que deberán ser impulsadas polo Goberno e consensuadas polas forzas políticas.

Por todo iso, o grupo municipal socialista somete a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo Pleno, na que se solicita a Xunta de Galicia a:

Que inste o Goberno de España a derogar o Real decreto lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura do sistema nacional de saúde e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sostibilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte da cidadanía, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.

Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.

Poñer os recursos e normativa necesarias na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.”

O concelleiro Sr. Uhía abandona o salón mentres a Sra. Maneiro le a moción, se ben entra antes de que esta remate.

Primeira intervención do PP:

- Esta moción trae a conto o artigo de Ana Gerpe na Voz de Galicia de onte, no que di o moito que lle chama a atención que nos plenos municipais se traten asuntos que máis ben deberían tratarse nos parlamentos, e nestes non se trate nada.
- A moción do grupo socialista pide derogar o RDLei 16/2012 e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade e gratuíto, levar estes compromisos á comisión interterritorial de sanidade, e que a CA de Galicia poña os recursos e a normativa necesaria para garantir a universalidade do servizo público galego de saúde, e suplir unhas carencias que por outra banda non se mencionan.
- O que pretendeu precisamente o RDLei que se pide derogar, foi adoptar as medidas urxentes necesarias para garantir o sistema nacional de saúde, un dos mellores do mundo en prestacións e cobertura, e tentar evitar as continuas

situacións de descoordinación entre os servizos autonómicos, que viñan provocando considerables diferenzas nas prestacións e nos servizos aos que accedían os pacientes nas distintas comunidades autónomas.

- O posterior desenvolvemento normativo deste Real Decreto Lei, ampliou e concretou o titular do dereito a asistencia sanitaria, véxase o último informe da Comisión Europea sobre eficiencia dos sistemas sanitarios -xuño de 2015-, que sitúa a España no primeiro posto da UE.
- Na nosa comunidade existe dende o ano 2012 o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública, que da cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non teña regularizada a súa situación, este sistema está complementado con outros programas, como o de atención a menores estranxeiros, ou o programa de enfermidades transmisibles, ao que teñen acceso as persoas independentemente da súa situación administrativa.
- O RDL 16/2012 dou resposta as realidades que existían nese momento: unha débeda sanitaria que superaba os 16.000 millóns de euros, 200.000 españois que non tiñan dereito á asistencia sanitaria, e o turismo sanitario, ao que se estaban dedicando nada menos que 1000 millóns de euros ao ano para pagar a asistencia sanitaria a 700.000 estranxeiros, que tiñan asistencia nos seus países de orixe, pero preferían o noso sistema sanitario.
- Contamos ademáis coa nova Carteira Común Básica de Servizos, que garante as mesmas prestacións para todos os usuarios en base a criterios científicos e técnicos.
- Todo é mellorable, pero o noso sistema nacional de saúde é o que ofrece a cobertura máis ampla de toda Europa, e as súas prestacións están entre as mellores. Estamos orgullosos dos nosos profesionais, e pensamos que non se deben chorar os recursos que se adiquen a saúde, pero tamén que a aplicación de criterios de eficiencia e eficacia é inevitable se queremos manter a viabilidade do sistema. Por outra parte entendemos que pedir á derogación dunha norma de ámbito estatal, sen propoñer outra regulación para un aspecto de tanta relevancia coma ten o sanitario, resulta cando menos, irresponsable.

Primeira intervención do PSOE:

- É normal que ao aprobar o decreto o PP estea de acordo con el.
- A saúde é unha temática que vai máis aló de ser un debate estatal ou local.
- Que o mencionado na sesión polo PP son meras disputas.
- Que a poboación en xeral está descontenta coa xestión.
- O feito amósao que a fiscalía impute a Feijoo por deixades das súas funcións.
- Cuestiona que o PP diga que non é unha proposta seria, pois defende que é medida máis que suficiente instar á derogación do RD.
- Que se ben defende que é a mellor sanidade de Europa.

Primeira intervención do BNG:

- Está de acordo coa moción.
- A moción pode ir máis alá (p.ex. a realidade galega marcada polo envellecemento e a dispersión).
- Que o Estado español ten un bo benestar está claro, pero empeorou debido ás últimas medidas do PP.

Segunda intervención do PP:

- O Decreto dou resposta á situación que había no momento da súa aprobación, e posibilitou a viabilidade do sistema sanitario, sen que tiveramos que implantar medidas como o tique sanitario. En canto ás insinuacións hai que ter moito coidado, estamos a falar dunha cuestión moi sensible, que nos afecta a todos nalgún momento, e que hai que tratar con responsabilidade. O que sí é un feito é, que en plena crise, fíxose en Vigo o hospital máis grande e moderno de Galicia.

Segunda intervención do PSOE:

- Que as insinuacións non son baleiras, pois baséanse nas imputacións feitas polo fiscal.
- Está de acordo co voceiro do BNG, que hai que defender a moción.

Segunda intervención do BNG: nada.

Intervención da Sra. alcaldesa, do grupo de CxG:

- Está de acordo, é unha evidencia que se perdeu a universalidade.

Votación:

A favor: 9 votos (4 do PSdeG-PSOE- 3 CxG – 2 BNG)

Abstencións: 4 do PP.

Acordo: Apróbase a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre universalización do dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do sistema público de sanidade.

5.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS.

Critican que lle fora trasladado á oposición documentación ilexible.

Dáse conta ao Pleno da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

- Execución trimestral correspondente ao 4º trimestre de 2015,
- Orzamento 2015,
- Orzamento 2016,
- Liñas fundamentais orzamento 2016,
- Plans orzamentarios 2016-2018 e
- Plans orzamentarios 2017-2019.

6.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía dos números 116 ao 198 do ano 2016, e das actas das Xuntas de Goberno Local número 7 do 11/03/2016, número 8 do 18/03/2016 e número 9 do 28/03/2016.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

PP:

En primeiro lugar, gustaríanos facer unha aclaración, respecto dunha cuestión que comentou a Sra González en relación cunha factura de honorarios de letrado, xa que so veu que o letrado que emitía a factura chamabase Henrique, con hache, e para que esté ben informada, que sepa que o nome completo do letrado é GONZALO HENRIQUE (con hache) CASTRO PRADO.

1.Levamos 12 plenos, e o goberno non trouxo ningunha proposta nen executou ningún acordo dos adoptados polo pleno.Ata cando esta paralización? Porqué non se cumpren os propios acordos do grupo de goberno en canto a periodicidade das xuntas de goberno local?

2.-En relación coa dación de conta do punto 5:

Como dación de conta do rendemento desta información era mellor que nos achegaran unha relación da documentación remitida, porque o que nos aportan, non sei se por problemas de impresión ou por chingar, resulta completamente ilexible.

En calquera caso, gustaríanos que nos confirme que se trata da seguinte documentación:

-Un documento relativo aos exercicios 2014 e 2015, xerado en data 01 DE OUTUBRO DE 2014. Non acabamos de entender a que ven dar conta agora da remisión deste documento.

-Os plans orzamentarios a medio prazo 2017-2019, aprobados por unha Resolución da Alcaldía (que firma o concelleiro delegado de Facenda), remitidos con data 13/03/2016.

-Posteriormente en data 14/04/2016 remítense os plans orzamentarios a medio prazo 2016-2018, éstos sen aprobación de ningún tipo, e nesa mesma data o documento liñas fundamentais 2016, que esta ben que o teña o Ministerio de Facenda, pero tamen sería boa cousa que o tiveramos, en formato lexible polos simples mortais, os concelleiros desta corporación.

-Posteriormente en data 16/04/2016 remítese o Orzamento 2015, e o que parece a execución do orzamento no 4º trimestre 2015.

-E finalmente o 17/04/2016 remítese o Orzamento 2016, que entendemos que é o prorrogado coas modificacións oportunas, que afectan basicamente ao capítulo 6, polo que podemos ver.

Todos estes arquivos pódense imprimir nun formato lexible, se se quere ser transparente, claro. Se o que se pretende é dicir que se cumpre entregando a documentación aos membros da corporación, parécenos unha tomadura de pelo.

3. Por qué non están publicadas na web as actas dos plenos de febreiro e marzo?

4.Por qué non se convocou a xunta da Mancomunidade da auga? Quedou de facelo neste mes de abril. Insistimos neste tema que nos parece que non se pode deixar de lado.

5.-Que pasou coas demandas do personal de limpeza? Por qué se dou marcha atrás ao novo reparto de tarefas? Como lle vai afectar ao concello este tema, tanto a nivel de organización do traballo como económico?

6.-Correxiuse o erro da avocación do concelleiro na xunta de goberno local da competencia para aprobación de facturas de máis de 4000 euros?

7.-Parece ser que o novo grupo de acción costeira non vai ter oficina aberta ao público en Muros, como no programa anterior, o que a Sra Alcaldesa xa debía saber no pleno pasado, cando dixo que a persoa que faga de orientador laboral íase coordinar co GAC para turnarse na oficina. Fixo o goberno local algunha xestión para manter este servizo?

-E por último, un rogo dirixido ao Sr. García, no último pleno apelou á coherencia política para decirmos que fagamos o que vostede considera que temos que facer. Sr García, este parece o mundo ao revés, o partido que gañou as eleccións en Muros está na oposición, por un erro recoñecido do grupo socialista, e o partido que acadou menos votos, que é o seu, trata de soste a unha escisión do seu propio partido como sexa, xustificando o inxustificable e facendo de concelleiro de obras. Integrense vostedes na xunta de goberno e fáganse corresponsables das decisións que toma CxG, así ademais de aconsellar a coherencia, a practicarían.

A Sra. alcaldesa responde ás preguntas dos Partido Popular:

1.- Que se mandou a documentación que se lle enviou ao Ministerio, é unha documentación moi técnica e non doada de entender, pero é a que require o Ministerio.

2.- Que teñen Xuntas de Goberno Local sempre que poden.

3.- Que debeu haber algún despiste ou contratempo, que mirarán se que non están todas as actas na páxina do Concello e que é o que pasou e xa se poñen.

4.- A empresa entregou un recurso e estase estudando e falando con Carnota.

5.- Porque non se cumpriron os 15 días entre o aviso do cambio e este.

6.-Contesta o Sr. Uhía Martínez, explica que a competencia para aprobar gastos de máis de 4.000 € é da Xunta de Goberno Local e que se avoca a competencia e se aproba por decreto un gasto superior. Logo dáse conta a Xunta de Goberno.

7.- Responde a Sra. alcaldesa que non, que a xerente lle comunicou que dada a inexistente demanda na última tempada de consultas ao GALP (antes se chamaba GAC) ían prescindir en principio do despacho que se lle cedía en Muros, pero que tamén lle comunicaron que se nun futuro había demanda volverían a atender en Muros. O actual goberno municipal comunicoulle que para calquera cousa que precisaran, alí tiñan o despacho á súa disposición.

PSOE.

1. Documentación remitida ó MINHAP, pregunta senón se vai achegar un informe de Intervención.
2. Na XGL do 11/03/16 (no punto 4): pregúntase sobre se o Concello vai achegar o custo a maiores da subvención na festa das carrilanas e por qué se lle fai a esta festa e non ás demais.
3. Na XGL do 28/03/16, por qué non se lle da traslado ao Pleno para instar unha subvención a Xunta de Galicia.
4. Que ocorre coa contratación do Agro do Laranxal de San Xián.
5. Decreto 195.3, deuse licenza, sen antes sinalar a aliñación da parcela.

6. Decreto 162 delegouse no concelleiro.
7. Factura de Gonzalo Henrique (con hache) (121/3/16).
8. Certificado de Intervención sobre provisión de fondo a Henrique Castro.
9. Sobre a situación do persoal de limpeza
10. Cándo se vai ter o Orzamento.
11. Por qué se adoptou e aprobou obras que son competencias do Pleno na XGL.

Sra. Maneiro:

- Na subida do Convento de Louro, hai estadas polo medio.
- Está aberta a caseta de turismo de Esteiro.

Respostas da Sra. alcaldesa:

- 1.- Que se remitiu a documentación que o MINHAP requirira, habería informe de Intervención se fora preciso.
- 2.- Que este ano se solicitou exactamente a mesma subvención para as carrilanas que se solicitara o ano pasado, e a subvención é a mesma que o ano pasado, 3.000 €. O Concello non vai pagar toda a festa das carrilanas.
- 3.- Que non é competencia do Pleno.
- 4.- Que no Plan marco de camiños municipais da Consellería de Medio Rural non entraba calquera camiño, e dos poucos que entraban no noso concello escolleuse o que dá acceso ao Agro do Laranxal.
- 5.- Deuse segundo os informes técnicos.
- 6.- Que vén polo Concello sempre que pode e non llo impiden as visitas a outras administracións públicas ou lugares para atender á cidadanía.
- 7.- A Sra. alcaldesa pídelle os datos da factura á que se refire e que mirarán de que procedemento é.
- 8.- Que se está completando cunha comparativa do que se gasta na actualidade co que se gastaba no mandato pasado cos asesores, e que en canto o teñan xa llo pasarán.
- 9.- Que si que é certo, que houbo conciliación pola que se volveu ao persoal de limpeza aos seus postos anteriores, e que volve a aclarar que o único que se pretendía e pretende, porque non rematou o conto, é que haxa máis igualdade nas condicións laborais deste persoal, así como que se recorte o desprazamento entre os seus domicilios e os edificios a limpar.
- 10.- Que nas XGL trátanse e apróbanse os asuntos que son competencia súa.

Respostas ás preguntas da Sra. Maneiro:

- 1.- Que mirarán o desas estadas.
- 2.- Que a caseta de turismo de Esteiro está sendo utilizada por persoas maiores que a solicitaron para reunírense alí. Que en calquera caso, a prioridade de uso segue sendo como Punto de Información Turística, algo que está aclarado coas persoas que fan uso dela.

BNG:

O portavoz dille á voceira do PP que o BNG actuou con coherencia dende que comezou a lexislatura e que non é preciso estar no goberno municipal.

1. Actuouse na Illa da Creba?
2. Situación do servizo de Protección civil (non hai avances?)
3. Situación da solicitude feita por un estudante sobre a bolsa de transporte público.
4. Tras a aprobación da moción se se ten facer algo en honor a Agrelo.
5. Vaise facer algún acto co gallo das Letras Galegas.
6. Fíxose actuacións para chegar o ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea.

Rogos:

1. Acondicionar Xalfas e o Ancoradoiro.
2. Que se fagan actuacións no paseo marítimo de Louro.
3. Que se incremente a iluminación na horta do Chalón, dado a escuridade e o uso do mesmo polas noites.
4. Que se recupere a ruta dos Muíños.
5. Adecuar a zona de Portugalete.

Respostas:

1. Por agora non.
- 2.- Que non hai persoal suficiente para formar un grupo en cada parroquia, pero está o xefe de Protección Civil mirando o tema.
- 3.- Que mirarán que pasa.
- 4.- Que van facer todo todo o que estea na súa man para que o ano que vén se lle dedique o día das Letras Galegas a Agrelo.
- 5- Que xa se levan facendo todo o mes.
- 6.- Que se segue traballando no tema, pero non é doado.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e dez minutos. Dou fe.